



CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

NORMATIVA DO PEID PARA A CREACIÓN DO “PARQUE CENTRAL – CENTRO XEOGRÁFICO DE GALICIA”

O presente anuncio ten por obxectivo compilar a normativa e ordenanzas que regularán o proxecto de desenvolvemento do PEID para a creación do “Parque Central – Centro Xeográfico de Galicia”, sendo obxecto de publicación no BOP, segundo o disposto no artigo 199 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

1.-ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación da presente normativa é o determinado polo PEID, concretamente as parcelas catastrais 27003A076003080000XS, 27003A076003090000XZ, 27003A076003100000XE, 27003A076003110000XS y 27003A076001580000XB, propiedade da Deputación de Lugo.

2.-NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DO PEID

1. Cualificación e usos do solo

Establecese a cualificación do ámbito como sistema xeral dotacional, de uso e titularidade pública, de ámbito local.

Establecese dúas zonas delimitadas, de acordo aos planos do PEID, cos seguintes condicionantes e usos:

A) Dotacional-Equipamentos: superficie onde se localizan as edificacións, o monolito indicativo do Centro Xeográfico, o parque infantil e a entrada e vial de acceso principal dende a estrada provincial LU-P 0301 (Uso dotacional múltiple).

B) Dotacional- Zona verde: A superficie de parcela que se mantén en estado natural ou axardinado, realizando plantacións complementarias de especies arbóreas autóctonas. Comprende a totalidade da superficie das parcelas 158, 309 e 310, e parte das parcelas 308 e 311 (Uso espazos verdes libres).

2. Parcela

A Parcela mínima non será inferior a 2.000 m², debendo producirse una agrupación o agregación de fincas no caso de que estes condicionantes non se cumpran.

A ocupación máxima non excederá do 20% da superficie total da parcela.

Deberase manter en estado natural/arborado como mínimo o 50% das parcelas.

As parcelas contan con acceso rodado dende a estrada provincial LU-P-0301.

3. Zonas verdes

Manterase con vexetación a superficie non dedicada a edificacións ou dotacións. Ademais manterase, na medida do posible, a vexetación autóctona existente. En especial no referente á masa de *quercus robur* presente nas parcelas, sen prexuízo de actuacións de podas ou talas conducentes á mellora da masa forestal ou do estado fito-sanitario dos exemplares, debidamente xustificadas.

A realización de plantacións de especies vexetais realizarase mediante formacións con formas naturais. Utilizaranse preferentemente as seguintes especies:

1. Porte arbóreo-arbustivo: *Quercus robur*, *Betula celtiberica*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus petraea*.

Matogal: *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Erica arborea*, *Calluna vulgaris*

2. Porte arbóreo-arbustivo: *Pyrus cordata*, *Arbutus unedo*, *Ilex aquifolium*, *Castanea sativa*, *Laurus nobilis*, *Quercus suber*, *Crataegus monogyna*, *Corylus avellana*.

3. Porte Arbustivo e herbáceo: *Trifolium repens*, *Ruscus aculeatus*, *Calluna vulgaris*, *Ruscus aculeatus*, *Arbutus unedo*, *Viburnum tinus*, *Lonicera periclymenum*, *Frangula alnus*, *Lavandula spp.*, *Erica australis*, *Erica vagans*.

Poderanse xustificar no proxecto de desenvolvemento a mellor adecuación de outras especies, priorizando o uso de plantas autóctonas ou adaptadas á climatoloxía da zona.

A área de xogo infantil deberá ter una superficie mínima de 200 m² e conter una circunferencia como mínimo de 12 m de diámetro, cun ancho mínimo de 10 m.

Dotarase de elementos de xogo adecuados e de equipamentos complementarios (fonte, bancos, etc.)

Os paseos peonís estarán executados en xabre ou elemento filtrante similar, salvo que debido á pendente do camiño ou ao efecto de arrastre de escorrenta se xustifique a necesidade de uso de outros elementos.

Os itinerarios peonís terán una anchura mínima de 3 metros e ao longo do seu recorrido instalaranse bancos e zonas de descanso cada 100 metros.

4. Edificacións

O uso das mesmas será dotacional público – cultural, coa finalidade de acoller actividades e eventos que o titular ou os interesados debidamente autorizados realicen para a difusión, promoción e posta en valor do Centro Xeográfico de Galicia.

Só se permitirán edificacións de planta baixa, cunha altura máxima de 7 metros medidos dende a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. O retranqueo mínimo, respecto ás estradas asfaltadas e vías que circundan as parcelas do PEID é de 7 metros.

A ocupación máxima das edificacións respecto ao conxunto do PEID será dun 20%, tendo un volume similar ás edificacións tradicionais do entorno.

Os acabados exteriores da edificación serán en pedra granítica en fachadas e tella en cuberta (a dúas augas). As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do entorno. As cores utilizadas, tanto en peches como nas carpinterías exteriores, serán as recomendados no Tomo VII "Galicia Central" da *Guía de cor materiais de Galicia*. Os parámetros que non son de pedra vista, irán preferentemente pintados en color 1005-Y20R e as carpinterías de aluminio lacado en cor 3010-Y40R segundo as paletas de cor da anterior Guía.

Terase en conta para o deseño de edificacións e accesos o recollido na *Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade na comunidade autónoma de Galicia* e na restante normativa sobre accesibilidade nos espazos públicos.

5. Entrada e acceso principal

Crearase un acceso principal de 4 metros de ancho, dende a estrada LU-P-0301, ata as edificacións e ao punto onde se localiza o Centro Xeográfico de Galicia, en formigón tintado cor xabre, que permitirá o acceso a vehículos de emerxencias e de mantemento ao entorno das instalacións.

Crearase una entrada coas limitacións e condicionantes establecidas no apartado Edificacións, e un muro de peche, na zona sur, paralelo a estrada provincial, co obxectivo de controlar o acceso ás instalacións.

6. Instalacións

Instalarase iluminación como mínimo na entrada e acceso principal, e no entorno das edificacións. Poderanse instalar luminarias nos sendeiros peonís e no parque infantil.

A iluminación será de tipo led, de baixo consumo, con toma a terra e demais elementos de protección requiridos pola normativa de aplicación.

Disporán de programadores e sensores de mando conseguindo un uso racional e adecuado da enerxía.

Executarase instalacións de abastecemento de auga mediante un ou varios pozos, conectados a una potabilizadora, e de saneamento mediante fosa séptica. O promotor comprometése a executar, por medios propios, as conexións ás redes xerais de abastecemento e saneamento de ámbito municipal en caso de que estas se desenvolvan.

A recollida de residuos no interior do complexo será por conta do seu propietario, sendo a retirada final de contedores por conta do servizo municipal correspondente.

7. Integración paisaxística e ambiental

Estarase sometido ás disposicións contidas na memoria, o estudo paisaxístico e ás determinacións do trámite ambiental do PEID, tanto na fase de redacción como na de execución do proxecto, así como durante a xestión posterior do espazo.

3.-VIXENCIA

O PEID aprobado, terá vixencia indefinida, sen menoscabo das modificacións que se poidan incluír no mesmo, mediante as fórmulas reguladas na lexislación vixente.

Antas de Ulla, 26 de abril de 2024.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 1205

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 23/04/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Xaneiro da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/06/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de Abril de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Martínez Núñez.

R. 1206

CERVANTES

Anuncio

O Pleno da Corporación, en Sesión ordinaria de data data 28 de febreiro de 2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 3/2024 baixo a modalidade de Suplemento de créditos

financiado con remanente líquido de tesourería, destinado a financiar gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable por importe de 60.000,00 euros.

Segundo o previsto nos arts. 169 e 177.2 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este acordo inicial someteuse a exposición pública, a efectos de reclamacións e suxerencias perante o Pleno, por un prazo de quince días hábiles a contar dende a data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. De conformidade co previsto no artigo 169.4 do RDL 2/2004, finalizado ese prazo de quince días, sen que se presentaran reclamacións ou suxerencias, publícase o resumo por capítulos aos efectos da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

A) Suplemento en Aplicacións de Gastos

Partida	Descrición	Consig. Antes m	MC3/2024	Creditos finais
920.682	INVERSIÓN ADQUISICIÓN CASTELO-FORTALEZA EN DOIRAS	460.000	60.000,00	520.000,00
TOTAL MODIFICACIÓN		727.323,44	60.000,00	520.000,00

FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría do exercicio anterior nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Rt. Tesourería	60.000,00
TOTAL				60.000,00

RLTGX exercicio 2023	2.013.591,48
RLTGX utilizado no MC 2/2023	-162.453,72
RLTGX dipoñible antes de MC 3/24	1851137,76
RLTGX utilizado no MC 3/2024	-60.000,00
RLTGX dipoñible despois do MC 3/2024	1.791.137,76

Cervantes, 26 de abril de 2024.-O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 1208

GUNTÍN

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN INICIAL PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN. EXPEDIENTE G 76/2024

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 12 de abril de 2024 aprobouse con carácter inicial o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Guntín.

Dando cumprimento a dito acordo sométese o documento de aprobación inicial a información pública polo prazo de 15 días hábiles a partir do día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante o cal poderá ser examinado por calquera interesado nas oficinas municipais, e formular as reclamacións e suxerencias que estime pertinentes.

Guntín, 12 de abril de 2024.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1210

LUGO

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

Por Decreto número 3329/2024, de data doce de abril de 2024, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2024, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do periodo voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 15 de abril de 2024.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez.

R. 1211

MONTERROSO

Anuncio

Contas Municipais

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2023, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto na normativa vixente.

Monterroso, 26 de abril de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1212

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Faise público que con data do 24 de abril de 2024, se ditaron as seguintes Resolucións polo Sr. Alcalde-Presidente, relativas á oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro:

DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como funcionario no concello de Navia de Suarna dunha (1) praza denominada Auxiliar Administrativo, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídana oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) na taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello.

Á vista da finalización da presentación de reclamacións no prazo establecido, e óobxecto de dar cumprimentoao estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Eleva a lista provisional de admitidos, relativa ó proceso selectivo convocado para a provisión da citada praza, a definitiva, quedando composta da seguinte forma:

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	REXISTRO DE ENTRADA
1	LUCIA ARIAS MAGIDE	***5865**	2024-E-RE-27
2	MARÍA TERESA RODIL FERANDEZ	***8161**	2024-E-RE-29
3	KARÍN MAGO MARCANO	***0840**	2024-E-RC-192
4	LAURA MARIA RODRIGUEZ GEGUNDE	***3789**	2024-E-RC-193
5	PAULA PILLADO ROZAS	***3774**	2024-E-RE-33
6	DAVID RIOJA MÍGUEZ	***4546**	2024-E-RC-197
7	ANA LÓPEZ LÓPEZ	***5287**	2024-E-RE-26 2024-E-RC-254
8	MANUEL PÁSARO GOMEZ	***4447**	2024-E-RE-36 2024-E-RC-271
9	RITA Mª PEREZ GARCÍA	***8958**	2024-E-RE-24 2024-E-RC-265
10	MARÍA DEL CARMEN DÍAZ MIRAS	***0717**	2024-E-RE-28 2024-E-RC-273
11	PILAR BERMÚDEZ GONZÁLEZ	***1055**	2024-E-RE-30 2024-E-RE-41
12	SANDRA LÓPEZ GÓMEZ	***4771**	2024-E-RE-31 2024-E-RC-272
13	AINHOA LAMELAS RAMOS	***2623**	2024-E-RC-195 2024-E-RC-262

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP, no taboleiro de anuncios doConcello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como persoal laboral fixo no concello de Navia de Suarna cinco (5) prazas denominadas Auxiliar Axuda no Fogar, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídانا oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocado por este Concello.**

Á vista da finalización da presentación de reclamacións no prazo establecido, e óobxecto de dar cumprimentoao estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Eleva a lista provisional de admitidos, relativa ó proceso selectivo convocado para a provisión da citada praza, a definitiva, quedando composta da seguinte forma:

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	REXISTRO DE ENTRADA
1	CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ CARBALLEDO	***7585**	2024-E-RC-167
2	CARMEN GÓMEZ RELLÁN	***1412**	2024-E-RC-177
3	ANA MARÍA CARAMÉS LÓPEZ	***3521**	2024-E-RC-182
4	DIGNA PALMEIRO LÓPEZ	***2596**	2024-E-RC-186
5	EVA ALONSO GARCÍA	***3228**	2024-E-RC-189

6	BERTA FERNÁNDEZ OTERO	***7872**	2024-E-RC-200
7	MARIA LUZ RIVERA FERNANDEZ	***7305**	2024-E-RC-204 2024-E-RC-221 2024-E-RC-252 2024-E-RC-253

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como persoal laboral fixo no concello de Navia de Suarna dunha (1) praza denominada Peón Conductor, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídانا oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) na taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello.

Á vista de que non se presentaron reclamacións no prazo establecido, e óbxeito de dar cumprimento ao estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Elevar a lista provisional de admitidos, relativa ó proceso selectivo convocado para a provisión da citada praza a definitiva, quedando composta da seguinte forma:

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	REGISTRO DE ENTRADA
1	VALENTÍN FERNÁNDEZ ALONSO	***7066**	2024-E-RC-181
2	JOSÉ VILLAGARCÍA VILLAR	***6792**	2024-E-RC-187
3	MANUEL PÁSARO GÓMEZ	***4447**	2024-E-RE-34/2024-E-RC-202
4	MANUEL LÓPEZ LÓPEZ	***5359**	2024-E-RC-198
5	ÓSCAR SEOANE PÉREZ	***7136**	2024-E-RC-201
6	MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ	***1059**	2024-E-RC-213

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como persoal laboral fixo no concello de Navia de Suarna dunha (1) praza denominada Peón/a de obras e servizos, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídانا oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) na taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello.

Á vista de que non se presentaron reclamacións no prazo establecido, e óbxeito de dar cumprimento ao estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Elevar a lista provisional de admitidos, relativa ó proceso selectivo convocado para a provisión da citada praza a definitiva, quedando composta da seguinte forma:

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	REGISTRO DE ENTRADA
1	JULIO ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	***6710**	2024-E-RC-188
2	MANUEL PÁSARO GÓMEZ	***4447**	2024-E-RE-35/2024-E-RC-203
3	PABLO PINTOR SÁNCHEZ	***9738**	2024-E-RC-199
4	MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ	***1059**	2024-E-RC-212

5	VALENTÍN FERNÁNDEZ ALONSO	***7066**	2024-E-RC-214
6	MARÍA MARTA NEIRA FERNÁNDEZ	***1161**	2024-E-RC-211
7	IVAN MON LÓPEZ	***5244**	2024-E-RC-219

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

Navia de Suarna, 26 de abril de 2024.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1213

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2024-0201, ditada o 25 de abril de 2024, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 1º Trimestre do 2024, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de maio. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 25 de abril de 2024.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1214

POL

Anuncio

INFORMACIÓN PREVIA Á OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS PARA EXPROPIACIÓN FORZOSA

O Pleno do Concello de Pol aprobou o día 30 de setembro de 2022 o inicio do expediente expropiatorio para a adquisición dos bens e dereitos da obra "Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea".

Aos efectos previstos no artigo 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e nos artigos 17 e 18 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra mencionada, para que, nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte á

última publicación do presente Edicto, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas.

Nº Finca	Referencia catastral	Titular/es	Domicilio	Tipo Solo	Destino do solo	Superficie a ocupar (m2)	Outros bens afectados
1	Pol. 37 Parc. 83	Herdeiros de José Pereira Murado, José Antonio Pereira Lenza e María Josefa Pereira Lenza	Rampa de Claudio López, 13 Esc. 1, 1ªA 27002 Lugo	Rural	Monte alto	103	35 m de peche de estacas de formigón e 2 arames; 3 ud. de pilar de formigón de 1,20x0,30x0,30 m
2	Pol. 37 Parc. 84	María Felisa Rancaño Díaz	Lg. Milleiros, 3 27275 Pol (Lugo)	Rural	Prado	92	1 ud. de froiteiras adultas
3	Pol. 37 Parc. 82	José Río Díaz	C/ Sicilia, 402 6º 2 08025 Barcelona	Rural	Prado	305	60 m de peche de estacas de formigón e 4 fíos de arame (deteriorado); 2 ud. de pilares de tubo de formigón pref.Ø 40 cm recheo de formigón de 1 m de altura
4	Pol. 37 Parc. 802	José Río Díaz	C/ Sicilia, 402 6º 2 08025 Barcelona	Rural	Prado	111	
5	Pol. 37 Parc. 91	Belarmino Parada Jartín	C/ Oviedo, 13 Esc. 1 2ªA 28830 San Fernando de Henares (Madrid)	Rural	Prado	193	18 m de peche de pedra sobre pedrade 0,80 m de altura
6	Pol. 37 Parc. 100	María Elsira Parada Jartín	C/ Los Alpes 13, Esc. 3 4ºB 28022 Madrid	Rural	Frente casa	62	7 m de peche de bloque de 1,50 m de altura chapeado en pedra por dúas caras e tapas de formigón; 24 m² traslado de porta-cancelas ornamentais; 28 m² de peche de fábrica de bloque de 0,50 m de altura; 28 m de peche vexetal; 1 ud. de froiteiras adultos; 1 ud. de pilar de formigón de 1,50x0,35x0,35 m; 3 ud. de pilares de formigón de 2x0,40x0,40 m chapeados en pedra con tapas de formigón pintadas
		José Manuel Parada Jartín	Av. Betanzos, 74 Esc. C 10ºB 28034 Madrid				
7	Pol. 37 Parc. 93	Gerardo Agrelo Trashorras	Rúa da Madalena, 15 B3 27004 Lugo	Rural	Labradío	159	13,5 m de peche de pedra sobre pedra de 1 m de altura media; 1 ud. de froiteiras adultos
		Ramón Agrelo Trashorras	Aldea - Milleirós 27275 Pol (Lugo)				
8	Pol. 37 Parc. 79	Herdeiros de José Pereira Murado, José Antonio Pereira Lenza e María Josefa Pereira Lenza	Rampa de Claudio López, 13 Esc. 1, 1ªA 27002 Lugo	Rural	Frente casa	129	56 m de peche de bloque de formigón de 1,20 m de altura con estacas de formigón de 2,30 m de altura
9	Pol. 37 Parc. 92	María Lidia López Lenza	Rúa Bispo Aguirre, 16 Esc. 1 4ªA 27002 Lugo	Rural	Folganzas	236	54 m de peche vexetal; 1 ud. de carballos novos; 7 ud. de castañas medianos; 1 ud. de nogueira; 1 ud. de froiteiras adultos
10	Pol. 37 Parc. 78	Antonio Alonso Seijas	C/ Gregorio Donas 33 5ªA 28017 Madrid	Rural	Prado	387	1 ud. de castañas adultos
11	Pol. 37 Parc. 800	María Lidia López Lenza	Rúa Bispo Aguirre, 16 Esc. 1 4ªA 27002 Lugo	Rural	Folganzas	70	3 ud. de cipreses adultos; 1 ud. de plantas ornamentais; 19 m de peche pedra sobre pedra de 1 m de altura
12	Pol. 33 Parc. 7	María Lidia López Lenza	Rúa Bispo Aguirre, 16 Esc. 1 4ªA 27002 Lugo	Rural	Monte alto	271	2 ud. de castañas adultos; 1 ud. de castañas medianos; 3

							ud. de castaños novos; 7 ud. de plantóns de castaño; 4 ud. de plantóns carballo; 3 ud. de bidueiros adultos; 15 m de muro de sostemento de pedra sobre pedra de 1,70 m de altura media
13	Pol.33 Parc. 6	Peinó y Benito	Milleirós 27275 Pol (Lugo)	Rural	Monte alto	131	10 ud. de carballos novos; 3 ud. de plantóns de castaños; 2 ud. de castaños novos; 2 ud. de castaños medianos
14	Pol. 33 Parc. 5	María Lidia López Lenza	Rúa Bispo Aguirre, 16 Esc. 1 4ª 27002 Lugo	Rural	Monte alto	318	5 ud. de castaños adultos; 30 ud. de castaños medianos; 4 ud. de plantóns de castaño; 2 ud. de carballo adulto; 2 ud. de carballos novos; 7 ud. de pinos adultos; 7 ud. de pinos medianos
15	Pol. 37 Parc. 120	José Fernández López	Valincovo - Milleirós 27275 Pol (Lugo)	Rural	Prado	191	19 m de muro de pedra de 0,60 m de alto x 0,50 m de ancho; 30 m de peche de estacas de madeira e dous fios de arame; 2 ud. de chopos adultos; 3 ud. de carballos adultos; 2 ud. de freixos adultos; 2 ud. de freixos novos; 3 ud. de froiteiras adultos; 1 ud. de froiteira nova
16	Pol. 36 Parc. 92	Anunciación PeinoJartín	Av. Betanzos, 76 Esc. D 2ª 28034 Madrid	Rural	Prado	352	4 ud. de castaños adultos; 6 ud. de castaños medianos; 2 ud. de froiteiras novas; 1 ud. de froiteiras adultos; 4,5 m traslado cancela; 1,5 m² de peche de fábrica de bloque
17	Pol. 37 Parc. 108	José Río Díaz	C/ Sicilia, 402 6º 2 08025 Barcelona	Rural	Prado	29	
18	Pol. 36 Parc. 3	María del Carmen Vila González	Rúa San Isidro Labrador, 4 27004 Lugo	Rural	Prado	454	8 ud. de castaños adultos; 1 ud. de froiteiras adultos; 1 ud. de cerdeiras medianas; 10 m de muro de pedra sobre pedra de 1,70 m de altura; 1 ud. de salgueiros; 1 ud. de salgueiros novos; 1 ud. de bidueiros adultos; 2 ud. de ameneiros adultos
20	Pol. 37 Parc. 141	Gustavo Osorio Fernández	Valincovo, 6 Milleirós 27275 Pol (Lugo)	Rural	Monte	211	32 m de muro de pedra en contención, a unha cara, de 1 m de altura media e 0,50 m de ancho; 21 m de muro de pizarra de 0,90 m de alto x 0,55 m de ancho a dúas caras; 1 ud. de plantón de eucalipto; 1 ud. de plantón de freixo; 13 ud. de castaños novos; 2 ud. de nogueiras novas; 1 ud. de carballo novo; 1 ud. de froiteira nova

21	Pol. 36 Parc. 6	Óscar Fernández Agrelo	Valincobo - Milleirós 27275 Pol (Lugo)	Rural	Monte alto	657	12 ud. de bidueiros adultos; 3 ud. de ameneiros adultos; 16 ud. de plantóns de castaño; 4 ud. de castaños novos; 6 ud. de bidueiros novos; 26 ud. de pinos adultos; 10 ud. de pinos novos; 3 ud. de carballos adultos; 3 ud. de carballos novos; 15 ud. de plantóns de carballo; 40 m de muro de mampostería a unha cara, deteriorado, de 1,20 m altura
22	Pol. 37 Parc. 116	Ramón Agrelo Trashorras	Aldea - Milleirós 27275 Pol (Lugo)	Rural	Folganzas	259	1 ud. de carballo novo
23	Pol. 37 Parc. 119	María Ermesinda Lenza Frade	C/ María Zambrano, 2 2ºD 28027 Madrid	Rural	Folganzas	301	1 ud. de castaño adulto; 5 ud. de castaños novos; 6 ud. de plantóns de castaño; 2 ud. de cipreses novos; 6 ud. de freixos novos; 2 ud. de froiteiras novos; 1 ud. de cerdeiras adultas; 4 ud. de cerdeiras novas; 5 ud. de nogueiras novas; 3 ud. de plantóns de nogueiras; 1 ud. de plantóns de carballo; 2 ud. de froiteiras adultos; 3 ud. de chopos adultos; 4 ud. de plantóns de cerdeiras; 83 m de peche de pedra sobre pedra de 1,50 m de altura
24	Pol. 33 Parc. 47	Monte Comunal de Veciños de Milleirós	Praza de Galicia, 1 Mosteiro 27270 Pol (Lugo)	Rural	Monte	252	
25	Pol. 37 Parc. 114	José Fernández López	Valincovo - Milleirós 27275 Pol (Lugo)	Rural	Folganzas	39	41 m de muro de pizarra de 1,20 m de altura e 0,55 m de espesor; 2 ud. de figueiras adultas; 1 ud. de bieiteiros; 6 ud. de froiteiras medianos; 4 ud. de froiteiras novos

Pol, 15 de abril de 2024.- O ALCALDE, D. Lino Rodríguez Ónega.

R. 1215

SAMOS

Anuncio

O día 26/04/2024, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto 2024-0060, aprobou as **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 6 MESES QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO**. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 6 MESES QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de DOUS (2) PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES (categoría peón) para seren contratados como persoal laboral temporal *ao abeiro do "Programa de Reforzo do Emprego" que se incardina dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de 08/01/2024)*, para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

As contratacións se financian coa achega económica da Excm. Deputación Provincial de Lugo en importe de 24.426,67€equivalente aos custes salariais totais dos traballadores que se contraten, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: "No se poderá proceder a contratación de personal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

A presente contratación laboral rexerese:

- Polo artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo rexerese polo establecido no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de data 08/01/2024).

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace concellosamos.sedelectronica.gal). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo xunto coa convocatoria para que sexan publicadas na súa páxina web institucional de conformidade co disposto na base 11ª.2 das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2024.

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (6 meses) na modalidade de eventual polas circunstancias da produción determinado previsto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro. Establécese como data máxima de remate o **31 de outubro de 2025 (data sinalada no Plan Provincial Único)**, e a xornada completa.

3. FUNCIONES

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas e obras de reparación en xeral.
- Tarefas de mantemento, conservación e incluso reparacións, de infraestructuras, edificios e instalación municipais con carácter xeral.
- Traballos de albanelería, fontanería, electricidade, xardinería e outros semellantes para a adecuada prestación dos servizos municipais e pequenas reparacións de viais municipais.
- Colaborar con outros departamentos en distintas tarefas da actividade municipal.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas e prestación dos servizos municipais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias (documento xustificativo de pagamento de taxas para expedición do título cando aínda non se dispoña do mesmo), do Certificado de escolaridade ou equivalente ou titulación superior, o cal se deberá

acreditar mediante documento oficial fidedigno expedido polo Organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, na data de remate do prazo de presentación de instancias deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello. (clausula 11ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2024).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase á Sra. alcaldesa do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido nas bases.

c) Tarxeta de demandante de emprego

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

f) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que se envíe a documentación polas oficinas de Correos, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrirase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles levando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, adata e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos a alcaldesa nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

-Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

-Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

-Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de **oposición**, e o seu resultado será determinado polos obtidos nas seguintes probas (**puntuación máxima 20,00 puntos**):

PRIMEIRO EXERCICIO: Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas nun tempo máximo

de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos.

As respostas incorrectas restarán 0,10 puntos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: Realización de unha ou varias probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal no tempo máximo de quince minutos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Os aspirantes serán convocados aos distintos exercicios provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará o resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha **lista de agarda** dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 4) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrira un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

Samos, 26 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Jesús López López.

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Samos: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 2

Elementos da construción: Muros, tabiques e paredes.

Tema 3

Diferentes materiais e ferramentas en construción.

Tema 4

Reparación de camiños e baches en pistas: Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 5

Nocións básicas de xardinería e desbroces.

Tema 6

Nocións básicas de albanalería, carpintería, electricidade, fontanería-rede de abastecemento de auga.

Tema 7

Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable para a utilización polos traballadores de equipos de traballo. Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Normativa básica de sinalización e de equipos de protección individual.

ANEXO III.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 6 MESES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

D/a.....
provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....
.....nº..... piso..... C.Ptal..... Localidade.....
Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, dos postos sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

- O DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- o No seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4ª, letra a.3).
- o Permiso de conducción en vigor tipo B.
- o Acreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- o Documentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.
- o Documentación acreditativa do cumprimento do requisito de demandante de emprego.
- o No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

....., de.....de 2024

O/a solicitante,

Asdo.:

R. 1216

TRABADA*Anuncio*

Faise pública a convocatoria e as bases para a selección e contratación dun/ha técnico/a de turismo a xornada parcial (50%) por un periodo de 3 meses para o Concello de Trabada (Fomento do emprego. Plan Único 2024).

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Trabada, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria, publicados no Taboeiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>)

Sistema de selección: Concurso-Oposicion

Trabada, 26 de Abril de 2024.- O Alcalde, Rubén García Freije.

R. 1218

VILALBA*Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as “**Bases do Certame de Microrrelatos Día do Libro 2024**”, que se aprobaron por decreto de alcaldía nº 470 o día 24/04/2024, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten os seus relatos en lingua galega e conteñan a palabra libro.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 26 de abril do 2024.- O alcalde en funcións, Modesto Renda Santiso.

R. 1217

VIVEIRO*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión de data 7 de febreiro de 2024, modificación puntual do ROM e non constando a presentación de reclamacións ou suxerencias durante o prazo de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia por prazo de trinta días hábiles, queda consecuentemente definitivamente aprobada a modificación puntual, quedando consecuentemente redacto o ROM co seguinte tenor literal, o que se publica para xeral coñecemento e para a entrada en vigor da modificación puntal aprobada.

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIVEIRO**Preámbulo**

O Concello de Viveiro, en virtude da potestade de autonomía local en materia de autoorganización, aproba o presente Regulamento Orgánico Municipal.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS**Artigo 1.- Obxecto**

O presente Regulamento configúrase como a norma de regulación da organización municipal e funcionamento do pleno e demais órganos colexiados, así como da participación cidadá nas sesións plenarias, con respecto á lexislación estatal e autonómica de aplicación directa.

O funcionamento do Pleno do Concello de Viveiro axustarase á seguinte orde xerárquica de fontes normativas:

- a) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- b) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- c) Regulamento Orgánico Municipal.
- d) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para aquelas materias non reguladas no presente Regulamento Orgánico ou, de forma complementaria, en todo o que resulte compatible e non contradiga o disposto no presente Regulamento para as materias reguladas neste.

Artigo 2.- Interpretación do ROM

Corresponde ao Pleno ditar as instrucións interpretativas e aclaratorias da presente norma.

TÍTULO II.- CONSTITUCIÓN, VIXENCIA E FINALIZACIÓN DO MANDATO DA CORPORACIÓN

Artigo 3.- Constitución

A Corporación constitúese o vixésimo día posterior á celebración das eleccións. A sesión de constitución é pública e celébrase no salón de plenos da Casa do Concello ás DOCE HORAS.

No caso de que se presentase recurso contra a proclamación dos concelleiros ou concelleiras electos a constitución celébrase o cuadraxésimo día posterior á celebración das eleccións, en sesión pública, no salón de plenos da Casa do Concello, ás doce horas.

Artigo 4.- Actuacións previas.

No prazo comprendido entre a celebración das eleccións e a data de constitución da Corporación os candidatos electos presentarán ante a Secretaría Xeral do Concello os modelos de declaración que figuran neste Regulamento como anexo I e II, e segundo o disposto no artigo 63 do presente Regulamento.

O terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva do Concello, os concelleiros e concelleiras cesantes, tanto do Pleno como das Comisións Informativas, Comisión de Contas, Mesa de Contratación e Xunta de Goberno, reuniranse en sesión convocada ao só efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada.

Por parte da Secretaría Municipal deberase informar respecto da relación de bens e dereitos que forman parte do Inventario e por parte do Interventor Municipal efectuarase un arqueo no que deberán constar as existencias en entidades bancarias así como na caixa municipal. Estes informes deberán realizarse cun máximo de dous días naturais de antelación á data de Constitución da Corporación.

Artigo 5.- Celebración da sesión de constitución

A Constitución da Corporación realizarase de acordo co establecido na lexislación electoral.

Para a válida celebración da sesión requírese a asistencia da maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras electos. En caso de non concorrer a maioría absoluta, a sesión de constitución quedará convocada para a mesma hora e no mesmo lugar dous días hábiles despois. Nesta sesión quedará constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros e concelleiras electos que acuda.

Para a constitución da Corporación constituirase unha mesa de idade composta polos concelleiros ou concelleiras electos de maior e menor idade presentes no acto, actuando de secretario/a da mesa o secretario ou secretaria da corporación. O membro de maior idade actuará como presidente da mesa de idade.

Actuacións da sesión de constitución

A mesa de idade deberá comprobar as credenciais dos concelleiros e concelleiras electos confrontándoas cos certificados recibidos da Xunta Electoral de Zona. Debe comprobarse a identidade dos concelleiros e concelleiras electos.

O presidente da mesa requirirá para quen os concelleiros e concelleiras electos que estean incurso en causa de incompatibilidade da LOREG e demais normas de aplicación para que o manifesten.

Comprobarase a presentación das declaracións dos anexos I e II previamente á toma de posesión por parte dos concelleiros e concelleiras, requirindo aos que non a presentaron da súa obriga de facelo previo á toma de posesión do seu cargo de concelleiro ou concelleira.

Artigo 6.- Toma de posesión dos cargos de concelleiro ou concelleira

Os concelleiros e concelleiras electos xurarán ou prometerán o seu cargo ante a mesa de idade, con base á fórmula, prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

O secretario/a da Mesa de Idade realizará ao concelleiro ou concelleira electo a seguinte pregunta:

“Xuras ou prometes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigações do cargo de concelleiro/a con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”.

A esta pregunta o concelleiro ou concelleira electo responderá o seguinte. *“Si, xuro” // “si, prometo”*

O xuramento ou promesa realizarase por orde da lista máis votada á menos votada e pola orde que figuren os concelleiros/as en cada lista correspondente, a medida que o Secretario/a da Corporación vaia nomeando a cada concelleiro ou concelleira electo. Os membros da mesa de idade prestarán xuramento ou promesa ao final, primeiro o de maior idade e logo o de menor idade. Aos membros da mesa de idade seralles formulada a pregunta polo Secretario/a da Corporación,.

Se algún dos concelleiros ou concelleiras electos se negase a efectuar o xuramento ou promesa a mesa de idade impediralles tomar posesión do seu cargo. Poderán incluírse expresións engadidas sempre que non contradigan ou limiten o sentido do xuramento ou promesa.

Unha vez tomada posesión do seu cargo, os concelleiros e concelleiras electos adquiren as súas plenas facultades como concelleiros/as do Concello de Viveiro. Efectuada por todos os presentes a promesa ou xuramento do seu cargo a mesa de idade declarará constituída a Corporación.

Os concelleiros ou concelleiras electos que non comparecesen nesta sesión, ou non tomasen posesión do seu cargo por non cumprir coas formalidades previstas poderán facelo en calquera sesión posterior, previo cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para iso.

Artigo 7.- Elección da Alcaldía

Declarada a constitución da Corporación pola mesa de idade, na mesma sesión procederase á elección da Alcaldía.

Poderán presentar candidatura os concelleiros ou concelleiras que encabecen as súas correspondentes listas, ou os seguintes nas listas no suposto de renuncia dos anteriores.

Para o efecto de realizar unha única votación, unha vez proclamados os candidatos á Alcaldía, os concelleiros ou concelleiras electos serán chamados pola Secretaría Municipal para anunciar nominalmente o seu voto a favor dos correspondentes candidatos á Alcaldía. No caso de que unicamente se postulase como candidato ou candidata o concelleiro ou concelleira que encabeza unha das listas e se manifestase polos integrantes do resto de listas a súa decisión de non postular candidato, a votación realizarase a man alzada de forma ordinaria respecto do único candidato proposto.

É necesario para a proclamación de Alcaldía obter a maioría absoluta de votos.

Se ningún dos candidatos obtén maioría absoluta nesa votación, será proclamado alcalde ou alcaldesa o que encabece a lista da candidatura que obtivese maior número de votos na eleccións.

Se houberse empate de votantes nas eleccións por dúas ou máis listas introducirase nunha urna o nome dos que encabecen ditas listas e será elixido Alcalde ou Alcaldesa por sorteo da seguinte maneira: un membro do público sacará un sobre da urna e o nome dese candidato será o elixido e proclamado.

A mesa de idade preguntará ao elixido Alcalde ou Alcaldesa se acepta o seu cargo. De non aceptalo volverá proceder a nova elección de Alcaldía de acordo cos pasos indicados neste articulo.

Para a toma de posesión do seu cargo deberá prestar xuramento ou promesa do mesmo ante a mesa de idade, baixo a seguinte fórmula:

O secretario/a da Mesa de Idade realizará ao alcalde ou alcaldesa elixido a seguinte pregunta:

“Xuras ou prometes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de alcalde/esa con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”.

A esta pregunta o alcalde ou alcaldesa elixido responderá o seguinte. *“Si, xuro” // “si, prometo”*

Se o alcalde ou alcaldesa electo se negase a efectuar o xuramento ou promesa a mesa de idade impediralle tomar posesión do seu cargo. Poderán incluírse expresións engadidas sempre que non contradigan ou limiten o sentido do xuramento ou promesa.

Realizada o xuramento ou promesa será proclamado alcalde ou alcaldesa e o presidente da mesa de idade entregarlle o bastón de mando, convidándoo a ocupar o posto presidencial.

Nese momento quedará disolta a mesa de idade e cada concelleiro/a pasará a ocupar o seu posto, así como o secretario ou a secretaria municipal.

A continuación o alcalde ou alcaldesa elixido dará a palabra aos concelleiros ou concelleiras que encabezan as correspondentes listas, a efectos de que se así o desexan poidan intervir.

Terminadas as intervencións tomará a palabra o Alcalde ou Alcaldesa elixido e dará o seu discurso, terminando a sesión constitutiva coa finalización do seu discurso.

Se o Alcalde ou Alcaldesa non tomase posesión na sesión de constitución será requirido pola mesa de idade para facelo no prazo de 48 horas, ante o Pleno da Corporación, coa advertencia de que de non facelo sen causa xustificada estarase ao disposto na lexislación de réxime electoral para os supostos de vacante de

alcaldía. Neste suposto quedarán prorrogadas as funcións da mesa de idade ata que o alcalde ou alcaldesa tome posesión do cargo. Neste suposto corresponderanlle á mesa de idade as seguintes atribucións:

- Requirir ao alcalde ou alcaldesa elixido para que tome posesión no prazo de 48 horas.
- Presidir a toma de posesión do alcalde ou alcaldesa elixido na sesión extraordinaria que se celebre para o efecto.
- Declarar vacante a alcaldía por renuncia tácita do elixido alcalde ou alcaldesa
- Convocar a sesión extraordinaria prevista no artigo 198 da LOREG para a elección de nova Alcaldía.

Artigo 8.- Organización

Dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da sesión constitutiva, a Alcaldía convocará sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver os seguintes puntos:

- a) Data das sesións do Pleno e periodicidade.
- b) Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.
- d) Coñecemento da resolucións da Alcaldía en materia de nomeamentos de Tenencias de Alcaldía, membros da Xunta de Goberno e Presidentes das comisións Informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime oportuno conferir.
- e) Fixación, no seu caso dos cargos con dedicación exclusiva ou parcial, así como, no seu caso, o establecemento do número, características e retribucións do persoal eventual.
- f) Dación de conta da Resolución de Alcaldía en que se determine a orde de colocación dos concelleiros e concelleiras no Pleno.

Artigo 9.- Vixencia do mandato.

O mandato dos membros do Concello é de catro anos, contados a partir da data da súa elección.

Unha vez finalizado o seu mandato, os membros da Corporación cesantes continuarán as súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

TÍTULO III.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO PLENO.

CAPÍTULO I.- GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Artigo 10.- Grupos políticos municipais.

Os concelleiros e concelleiras, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na corporación.

Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.

Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.

No caso de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano.

Durante o mandato da Corporación, ningún membro da mesma poderá integrarse nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente.

Artigo 11.- Constitución dos grupos políticos municipais

Os grupos políticos municipais constituiranse mediante escrito dirixido á Alcaldía e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentarán na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún concelleiro ou concelleira non asinase o escrito de constitución do grupo, iso non impedirá a súa constitución e os non asinantes, que terán a consideración de concelleiros/as non adscritos pasarán a integrarse no grupo mixto.

No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do portavoz do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

Da constitución dos grupos políticos municipais e dos seus integrantes e portavoces, o Presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto anteriormente.

No caso do Grupo Mixto permitirase a existencia de tantas portavocías como formacións políticas que o compoñan.

Artigo 12.- Integración nos grupos políticos municipais de concelleiros/as que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva

Os membros da Corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da mesma deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista en que fosen elixidos ou, no seu caso, ao grupo mixto. No primeiro suposto, dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar desde que tomen posesión do seu cargo, para acreditar a súa incorporación ao grupo que corresponda mediante escrito dirixido ao Presidente e asinado, así mesmo, polo correspondente portavoz.

Se non se produce a súa integración na forma prevista no apartado anterior, e salvo que mediase causa de forza maior, integraranse automaticamente no grupo correspondente á lista en que saísen elixidos.

Artigo 13.- Non adscritos

A efectos da súa actuación corporativa, os membros da Corporación que non se integren no grupo político que constitúa a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, terán a consideración de membros non adscritos. O mesmo sucederá no caso de abandono ou expulsión da formación política pola que concorreron ás eleccións. Os concelleiros ou concelleiras non adscritos que non se integren no grupo da súa formación política formarán parte do grupo mixto; pola contra, os concelleiros ou concelleiras non adscritos que abandonen o seu grupo de procedencia ou sexan expulsados do mesmo, non se integrarán no grupo mixto, actuando individualmente como concelleiros ou concelleiras non adscritos, a tenor do disposto no artigo 74.5 da Lei 5/97 que establece que durante o mandato ningún concelleiro ou concelleira poderá integrarse nun grupo distinto ao que o faga inicialmente.

Artigo 14.- Orde de colocación dos concelleiros e concelleiras no Pleno.

Os membros da Corporación tomarán asento no Salón de Sesións unidos ao seu grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase pola Alcaldía, oídos os Portavoces, tendo preferencia o grupo formado polos membros da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión de recuento dos votos. A orde de colocación determinarase por Resolución de Alcaldía da o que deberá darse conta no Pleno de Organización.

CAPÍTULO II.- CLASES DE SESIÓNS PLENARIAS, CONVOCATORIA, ASUNTOS, ORDE DO DÍA E LUGAR DE CELEBRACIÓN

Artigo 15.- Sesións Plenarias

Os tipos de sesións e a súa convocatoria rexeranse polo establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As sesións poderán celebrarse en primeira ou segunda convocatoria. A segunda convocatoria será á mesma hora dous días hábiles despois da data sinalada para a primeira ou ao día seguinte hábil se coincidise en festivo. Neste caso non será necesario o envío da orde do día, pero se a notificación da súa celebración en segunda convocatoria.

As sesións plenarias han de convocarse con tres días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.

15.1. Sesións Ordinarias

Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que haberá de convocar a Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación.

O Pleno celebrará sesión ordinaria todos os meses. A data das sesións ordinarias establecerase nos correspondentes plenos de organización que se celebrarán segundo o disposto no artigo 8 do presente Regulamento. En todo caso, a celebración das sesións ordinarias poderá ser adiantada ou atrasada, con respecto á data establecida, motivadamente, un máximo dunha semana

15.2 Sesións Extraordinarias.

Son sesións extraordinarias aquelas que convoque a Alcaldía con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro ou concelleira poida solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude haberá de facerse por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben. A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia de membros da Corporación deberá efectuarse dentro dos dous días hábiles seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por máis de cinco días hábiles desde que o escrito de solicitude tivese entrada no Rexistro Xeral.

Se a Alcaldía non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de membros da Corporación indicado dentro do prazo sinalado, quedarán automaticamente convocados para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que será notificado pola Secretaría da Corporación a

todos os membros do mesmo ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente previsto para a súa convocatoria.

A convocatoria de sesións extraordinarias deberá conter a motivación sobre a necesidade da súa celebración e a imposibilidade de non incluír os asuntos da orde do día que se expoñen na mesma, na sesión ordinaria seguinte.

15.3 Sesións Extraordinarias e urxentes.

Son sesións extraordinarias de carácter urxente as convocadas pola Alcaldía cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permite convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles. Neste caso debe incluírse como primeiro punto da orde do día a ratificación polo Pleno da urxencia da convocatoria. Se dita urxencia non resulta apreciada polo Pleno, levantarase a sesión.

A convocatoria de sesións extraordinarias e urxentes deberá conter a motivación suficiente da súa urxencia.

Neste suposto antes de iniciar a sesión deberá aprobarse a súa urxencia

Artigo 16.- Convocatoria

As sesións plenarias serán convocadas con dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias con carácter urxente, nas que a urxencia deberá ser ratificada polo Pleno.

Corresponde á Alcaldía convocar todas as sesións do Pleno.

A convocatoria das sesións comprenderá a orde do día comprensivo dos asuntos para tratar co suficiente detalle, así como a acta da sesión anterior.

A convocatoria comprensiva orde do día deberá ser notificada aos concelleiros e concelleiras mediante notificación electrónica. Na mesma data de notificación da convocatoria facilitarase acceso ao expediente electrónico do Pleno, no que cada membro da Corporación poderá acceder directamente ao contido da resolución e notificación da convocatoria. En caso de calquera concelleiro ou concelleira non acceda a recoller a notificación electrónica remitida non poderá alegar falta de notificación da convocatoria se na mesma data lle foi habilitado acceso ao expediente electrónico no que puido acceder ao seu contido.

A convocatoria tamén deberá ser publicada no taboleiro de edictos do Concello, tanto no taboleiro dixital como no taboleiro físico.

Artigo 17- Asuntos

Os asuntos para tratar no pleno clasificaranse da seguinte forma:

Parte resolutive, declarativa e de control.

Integraranse na parte resolutive os expedientes e procedementos tramitados polo Concello e que requiren de resolución plenaria segundo as competencias atribuídas a este órgano municipal pola normativa vixente de aplicación.

A aprobación de actas incluírse na parte resolutive.

Integraranse na parte declarativa as mocións presentadas por calquera concelleiro ou concelleira, voceiro ou grupo ou grupos da Corporación.

Integraranse na parte de control as dacións de conta e os rogos e preguntas. Darase conta en todas as sesións ordinarias das Resolucións da Alcaldía ditadas desde a celebración da sesión ordinaria anterior, mediante a inclusión do correspondente listado de resolucións. Tamén se dará conta dos informes ou asuntos que así o requira a normativa de aplicación.

Os asuntos incluídos en cada convocatoria poñeranse ao dispor dos concelleiros e concelleiras mediante a plataforma e xestor de documentos municipal, a través da que poderán acceder a toda a documentación e información que compoñe a orde de día desde o momento da convocatoria.

No caso de que, excepcionalmente, e por motivos técnicos a algún concelleiro ou concelleira lle resulte imposible acceder ao xestor de documentos municipal poderá acceder á documentación na Secretaría Municipal.

Artigo 18.- Orde do día

A orde do día será fixado pola Alcaldía co asesoramento da Secretaría Municipal.

Só se incluírán na parte resolutive da orde do día os asuntos previamente ditaminados pola correspondente Comisión Informativa ou, no seu caso, Comisión Especial de Contas.

As mocións presentadas por calquera concelleiro ou concelleira da Corporación serán incluídas no primeiro pleno ordinario que se celebre con posterioridade á súa presentación. Para estes efectos serán incluídas no seguinte pleno ordinario as mocións presentadas cunha antelación de tres días hábiles á data da convocatoria.

As mocións presentadas con posterioridade a dita data non serán incluídas na convocatoria do primeiro pleno ordinario que se celebre, senón que quedarán pendentes para a súa inclusión no segundo pleno ordinario que se celebre tras a súa presentación.

Artigo 19.- Lugar de celebración das sesións plenarias.

As sesións plenarias celebraranse, por regra xeral, no Salón de Plenos da Casa do Concello.

No suposto de imposibilidade de que algunha sesión plenaria sexa celebrada no Salón de Plenos, este extremo deberá reflectirse na convocatoria, explicando os motivos que impiden a súa celebración no lugar designado para o efecto.

As sesións serán presenciais, permitíndose a asistencia telemática a distancia dos membros do Pleno que, por motivos xustificadas, non poidan asistir de forma presencial. Neste caso deberá deixarse constancia da asistencia telemática na correspondente acta. A asistencia telemática deberá realizarse por calquera medio que permita a participación na sesión e a identificación do intervinente, as súas intervencións e o sentido do seu voto, garantindo a comunicación en tempo real durante a sesión e dispoñendo os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das sesións segundo proceda en cada caso. A asistencia telemática segundo o regulado neste punto permitirase para todos os órganos colexiados recollidos no presente Regulamento.

Artigo 20.- Quórum.

O Pleno constitúese validamente coa asistencia dun terzo do mínimo legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

En todo caso, requírese a asistencia da Alcaldía e da Secretaría da Corporación ou de quen legalmente os substitúan.

Convocarase para a súa asistencia á Intervención Municipal.

Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no apartado anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días hábiles despois. Se tampouco entón alcanzácese o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión ordinaria que se celebre con posterioridade; de todo o cal estenderá dilixencia a Secretaría.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo de que os asuntos para resolver nunha sesión ou algún deles, esixan un número especial de asistentes para adoptar acordos válidos sobre eles, nese caso o quórum preciso para celebrar validamente a sesión ou adoptar acordos válidos sobre os devanditos asuntos, será o que se estableza con ese número especial en cada caso.

Artigo 21. Unidade de acto

Calquera que sexa a clase de sesión, haberá de respectar o principio de unidade de acto e terminará no mesmo día do seu comezo. Se este terminase sen que se debateran e resolveran todos os asuntos incluídos na orde do día, a Alcaldía levantará a sesión e neste caso os asuntos non debatidos haberán de incluírse na orde do día da seguinte sesión. En todo caso, no suposto de que algunha sesión teña unha duración superior a tres horas, o punto correspondente aos rogos e preguntas serán contestadas por escrito, remitíndose a súa contestación a todos os concelleiros no seguinte día hábil posterior ao pleno, e deixándose constancia desta contestación na correspondente acta da sesión plenaria.

Artigo 22. Asistencia pública.

